



APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDES PARA O CURSO 2025/2026.

CASA NIÑO “ARROLOS”.

O período de solicitude de praza para a casa niño para o vindeiro curso 2025/2026 abrangue do 1 de Marzo ao 31 de Marzo, ambos inclusive.

Requisitos para optar a unha praza na casa niño:

- Ter unha idade comprendida entre os 3 meses e os 3 anos.
- Estar en todo caso empadroados/as no concello de Beade ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de ata tres anos de idade ou, de existir, que os nenos/as estean en lista de agarda.
- Acreditar o cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación.

No suposto de que haxa unha demanda de prazas superior ás que se ofertan, terán prioridade os fillos/as das persoas titulares das casas niño, e de seguido, se as houber, os fillos/as de mulleres vítimas de violencia de xénero empadroadas no concello de Beade ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de ata tres anos de idade, a continuación as de irmáns/ás de nenos e nenas que xa están asistindo á casa niño e as de nenos e nenas empadroados/as no concello, por esta orde. De ser aínda necesario, aplicarase o baremo coas puntuacións establecidas no anexo V da ORDE do 30 de decembro de 2024 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade das casas niño que iniciasen a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de decembro de 2024, e se procede á súa convocatoria.



Información no teléfono 679382624, documentación e presentación de solicitudes na propia casa niño (Rúa Porriñeira, nº4, Beade)

Nota: Os/as nenos/as matriculados no curso 2024/2025 terán prioridade de renovación fronte a nenos/as de novo ingreso (sempre que reúnan os requisitos que deron lugar á obtención da praza).